



**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO - SERVIZO "PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS (Expediente nº 2174/2024)**

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D. José Carlos Vidal Suárez, alcalde.

**Secretario:** D. Vicente Pérez Millán, funcionario interino administrativo de Administración Xeral.

**Vogais:**

D. Adrián J. Márquez Caramés, secretario en réxime de acumulación. (Asiste telematicamente)

D. Faustino J. Villamor Iglesias, interventor titular municipal.

D. Emilio A. Caínzos Quintás, técnico de Administración Xeral.

Reunidos na alcaldía do Concello da Pobra do Caramiñal, o día 8 de agosto de 2024, ás once horas, previa a súa convocatoria reúnese a mesa de contratación para tratar a reclamación presentada por D. IVÁN J. FIDALGO BOO, licitador admitido no procedemento "PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS (Expediente nº 2174/2024), presenta unha reclamación na data de 07-08-2024, Rexistro 2024-E-RE 2231, a cal é do seguinte teor literal:

*"D. IVÁN JOSÉ FIDALGO BOO, con DNI 52939282K, con domicilio no Lugar de Rego Nº 7, A Pobra do Caramiñal e actuando en nome propio, EXPÓN*

*Que, é unha das empresas licitadoras no procedemento convocado polo Concello da Pobra do Caramiñal para a adxudicación do contrato de Servizo "PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS (Expediente nº 2174/2024). Que, nos criterios avaliáveis de forma automática do prego de cláusulas administrativas e máis concretamente no punto co título "IGUALDADE. Existencia de plan de igualdade na data de publicación da licitación" requírese unha documentación que é obrigatoria pola Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para empresas de máis de 50 traballadores, polo que considera que é discriminatorio para empresas pequenas como a de D. Iván José Fidalgo Boo que non teñen a obrigaón de telo á data da publicación das bases da licitación.*

**SOLICITA**

*Que, atendendo ós Art. 1 e 145.5 da LCSP, se revise este punto do prego de cláusulas e se proceda á súa anulación, posto que un requisito obrigatorio por lei e non debería ser puntuable e que, no caso de ser imprescindible para a formalización do contrato, a implantación de dito plan poida ser feita unha vez sexa seleccionada a empresa licitadora para que todas as empresas estean en igualdade de condicións."*

A alcaldía ditou a resolución núm. 2024/0661 de data 04-07-2024 aprobando o expediente de contratación, publicándose na Plataforma de Contratación do Sector Público na data de 05-07-2024 o anuncio de licitación xunto cos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas e demais documentación preceptiva. Durante o prazo hábil presentáronse as seguintes empresas á licitación:

Empresa





**A POBRA  
DO CARAMIÑAL  
CONCELLO**

1. EULEN, S.A. CIF A28517308
2. IVAN JOSÉ FIDALGO BOO 5293928K
3. SERVIZO DE FORMACIÓN GALEGO E SALVAMENTO B70255260

Sustanciado o procedemento de contratación na data de 05-08-2024 reúnese a mesa de contratación para avaliar definitivamente o procedemento á vista da reclamación presentada pola empresa EULEN, S.A.

Logo da revisión da documentación obrante no sobre C dos licitadores presentados e admitidos, a mesa e observa un erro de feito en canto á determinación do prezo ofertado, da prestación correspondente a traballos de prevención, denominada prestación B, a cal se debe presentar sen IVE incluído e correspondente ás 12 hectáreas, así como o prezo por hectárea. Pois ben na valoración inicial do sobre C, o valor da hectárea presentado polas tres empresas sen IVE volveuse a desglosar restándolle o IVE polo que o erro é evidente e cómpre proceder á súa rectificación, así como no relativo ao Plan de Igualdade a mesa acordou valoralo con cinco puntos, tal como establece a cláusula 11.b) do PCA, e así se fai constar na valoración, outorgando a seguinte valoración total aos sobres B e C:

Empresa	CIF	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
1.EULEN, S.A.	A28517308	19	9,29	28,29
2.IVÁN JOSÉ FIDALGO	5293928K	23	4,29	27,29
3.SEFORGASA	B70255260	18	3,74	21,74

Así a mesa eleva a proposta de adxudicación a favor da empresa que obtivo a maior puntuación, e que se considera como a que presenta a mellor calidade prezo e acordou:

**“Primeiro.-** Estimar a reclamación de EULEN SA e rectificar a acta do día 29-07-2024 en canto á valoración do sobre C, en base aos erros detectados en consonancia coa reclamación presentada pola valoración da prestación dos traballos de prevención, calculando novamente as puntuacións que lle corresponde a cada licitador e outorgarlle 5 puntos polo Plan de Igualdade, tal como consta na cláusula 11.b) do PCA.

**Segundo.-** Modificar a proposta de adxudicación, acordada na sesión de 29-08-2024 en base ao punto primeiro, e elevar neste intre a proposta de adxudicación do servizo “PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTALS” DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL. EXPTE. 2174/2024, a favor do licitador que obtivo a maior puntuación que se corresponde coa presentada por **EULEN, S.A., A28517308**, considerada como a que presenta a mellor relación calidade-prezo, no prezo ofertado de 15.000 euros máis IVE polos traballos de defensa (A) e no prezo de 2.333,33 euros/hectárea, IVE excluído, polos traballos de prevención (B), con suxeición ao establecido na súa oferta e nos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen a licitación.

**Terceiro.-** Requirir ao licitador EULEN, S.A., A28517308, que obtivo a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que achegue dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que tivera recibido o requirimento, a seguinte documentación:

a) A documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) e c) do art. 140.1 LCSP, se non se presentara con anterioridade, tanto do licitador como daquelas outras





empresas a cuxa capacidades se recorra, sen prexuízo do disposto no apartado 3 do citado artigo.

b) De dispoñer efectivamente dos medios que se comprometera a adscribir á execución do contrato conforme ao art. 76.2 LCSP.

c) De constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o Valor Engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 108 da LCSP.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, actuándose segundo o disposto no art. 150.2 da LCSP. Neste caso, procederase a requirir a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas

**Cuarto.-** Publicar esta acta na Plataforma de Contratación do Sector Público.”

Entrando na reclamación presentada, hai que considerar o seguinte:

**Primeiro.-** Interponse contra os pregos de cláusulas administrativas particulares, cláusula 11.b), a cal establece os criterios de adxudicación automáticos, os cales se corresponden co prezo que representa o 60% da valoración total dos criterios, a relativa á contratación de desempregados que representa o 5%, e o contar o licitador cun Plan de Igualdade que representa o 5%. A LCSP contempla a posibilidade de establecer criterios sociais e medioambientais, e consideráronse idóneos de tipo social, un 10%. O Plan de Igualdade non se plantea como un requisito previo que deban cumprir os licitadores, senón como un criterio de adxudicación. O artigo 71.1.d) da LCSP, con respecto ás prohibicións de contratar, responde ao vencemento dos períodos de adaptación paulatina concedidos ás empresas pola disposición transitoria 12ª do Real Decreto Lei 6/2019, de 1 de marzo, se ben debe considerarse que o período transcorrido desde a súa promulgación ata o presente é amplo e non pode considerarse discriminatorio. Ter un Plan de Igualdade contéplase no PCA como un criterio de adxudicación automático, é un criterio social sumatorio aos restantes criterios, que como se dicía representa o 5% da puntuación total.

**Segundo.-** O PCA foi publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público, xunto co anuncio de licitación o día 5 de xullo de 2024, como se acredita no selo de tempo que consta no expediente e na propia Plataforma. O prazo para a interposición do recurso se establece en 15 días hábiles contados desde o seguinte á súa publicación, por analogía o art. 50 da LCSP establece:

### **“Artículo 50 Iniciación del procedimiento y plazo**

**1.** El procedimiento de recurso se iniciará mediante escrito que deberá presentarse en el plazo de quince días hábiles. Dicho plazo se computará:

.....

**b)** Cuando el recurso se interponga contra el contenido de los pliegos y demás documentos contractuales, el cómputo se iniciará a partir del día siguiente a aquel en que se haya publicado en el perfil de contratante el





**A POBRA  
DO CARAMIÑAL  
CONCELLO**

*anuncio de licitación, siempre que en este se haya indicado la forma en que los interesados pueden acceder a ellos. Cuando no se hiciera esta indicación el plazo comenzará a contar a partir del día siguiente a aquel en que se le hayan entregado al interesado los mismos o este haya podido acceder a su contenido a través del perfil de contratante. En el caso del procedimiento negociado sin publicidad el cómputo del plazo comenzará desde el día siguiente a la remisión de la invitación a los candidatos seleccionados.*

*En los supuestos en que, de conformidad con lo establecido en el artículo 138.2 de la presente Ley, los pliegos no pudieran ser puestos a disposición por medios electrónicos, el plazo se computará a partir del día siguiente en que se hubieran entregado al recurrente.*

*Con carácter general no se admitirá el recurso contra los pliegos y documentos contractuales que hayan de regir una contratación si el recurrente, con carácter previo a su interposición, hubiera presentado oferta o solicitud de participación en la licitación correspondiente, sin perjuicio de lo previsto para los supuestos de nulidad de pleno derecho”*

O mesmo artigo no apartado b di que non se admitirá o recurso contra os pregos e documentos contractuais que rexen unha contratación se o recurrente, co carácter previo á súa interposición, houbera presentado oferta.

**Terceiro.-** A Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP, establece no seu artigo 116 d) o seguinte:

*“Artículo 116 Causas de inadmisión*

*Serán causas de inadmisión las siguientes:*

*.....*

*d) Haber transcurrido el plazo para la interposición del recurso”*

Neste caso está acreditada a interposición do recurso fóra do prazo legal sinalado no artigo 116.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, o cal comezou ao día seguinte ao da súa publicación, 6 de xullo de 2024. Os Pregos reitores da Licitación non foron recorridos no seu día, o seu contido foi aceptado integramente polos licitadores, sen que agora poidan realizar obxección algunha respecto diso. Todo iso a salvo de que se detecten causas de nulidade de pleno dereito. O licitador reclamante presentou oferta no procedemento de contratación, aceptando o contido íntegro dos pregos que rexen a licitación.

Por todo a anterior, mesa de contratación acorda:

**Primeiro.-** Elevar a proposta de inadmisión da reclamación interposta por IVÁN J. FIDALGO BOO ao órgano de contratación por ser interposta fóra do prazo que sinala o artigo 116.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, así como por presentar oferta no procedemento, previa á súa interposición, co que aceptou o contido íntegro dos pregos que rexen a licitación.

**Segundo.-** Publicar esta acta na Plataforma de Contratación do Sector Público para constancia de IVAN J. FIDALGO BOO, restantes licitadores e aos efectos de xeral coñecemento.





**A POBRA  
DO CARAMIÑAL**  
CONCELLO

O presidente da por rematada a reunión 11 horas y dez minutos e, para que quede constancia do tratado, redáctase a acta por min o secretario, que someto á sinatura do presidente e dos vogais, e dou fe.

Na data da súa sinatura dixital

A mesa de contratación

